

## ACTA DA MESA XERAL DE NEGOCIACIÓN CELEBRADA O 13 DE AOUTUBRO DO 2015

Sendo as 11.30 horas do 13 de outubro de 2015, constitúese a Mesa xeral de Negociación previamente convocada ao efecto, reuníndose na sala de reunións anexa ao Pleno, ao obxecto de tratar o punto único da orde do día, consistente na negociación do Capítulo I dos Orzamentos Municipais para o exercicio económico 2016.

Constitúese validamente a Mesa coa asistencia dos seguintes membros:

D. Javier Pardo Espiñeira, Concelleiro-Delegado da Área de Xestión Municipal.

D. Dámaso Pena González, Presidente do Comité de Persoal, e Santiago Martínez Pardo, en representación de SICO.

D. Conchi Cousiño Sendín e Modesto Vázquez , en representación de CC.OO.

D. Pergentino Martínez Pampillón, en representación de UGT.

D. José Alonso Leirós e Fernando Solveira, en representación da CIG.

Asisten igualmente o Xefa de Servizo de Recursos Humanos, María Dapena Gómez, o Técnico de Organización e Planificación de Recursos Humanos, Ezequiel Fernández Carpintero, e D. Manuel Bueno Heredia .

Actúa como secretario o Secretario de Administración, D. Manuel Xosé Lorenzo Penela.

### ORZAMENTO MUNICIPAL EXERCICIO 2015.

En primeiro lugar o D. Javier Pardo da conta do documento denominado Anteproxecto Capítulo 1 do orzamento de gastos para o ano 2016, que se incorpora como anexo a esta acta.

A continuación Javier Pardo di que hai propostas de UGT e da CIG, pero non do resto de representantes sindicais, cando debería haber un documento único do comité de empresa.

Santiago Martínez Pardo di que sempre hai unha primeira reunión e despois se fai a proposta conxunta de os representantes sindicais.

O representante da CIG, José Alonso manifesta que quere que conste que quen debe negociar son os sindicatos, non o comité, pero que sempre se fixo cun documento conxunto.

A Xefa de Servizo de Recursos Humanos e o Técnico de Organización e Planificación , que din que a maioría das peticións que se recibiron dos sindicatos, e o se refiren a cuestións referentes a complementos específicos, cousa que non é competencia orzamentaria do Pleno senón de IRPT, explica algunhas das cuestións mais relevantes do documento presentado, tales como o límite do 1% imposto por Lei, a fondo de adecuación retributiva (que se mellora de 3000 a 170.000), as melloras para xubilación anticipada e vixilancia na saúde, a vinculación entre partidas e a paga extra.

Dámaso Pena González di que convocará unha reunión do Comité para mañá as nove e se intentará



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 07/11/2016 13:48

Páxina 1 de 2

Expediente 28598/220

Código de verificación: 23EC4-8ADC2-ADB85-C45BD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

facer un documento unitario coma sempre, que se presentará polo Rexistro.

E non habendo mais asuntos que tratar, remata a sesión, sendo as 11.15 horas, do día e data sinalado no encabezamento.

O Concelleiro-Delegado da Área

O Secretario de Administración municipal.

Javier Pardo Espiñeira

Manuel Xosé Lorenzo Penela.



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo	Data impresión: 07/11/2016 13:48	Páxina 2 de 2
Expediente 28598/220	Código de verificación: 23EC4-8ADC2-ADB85-C45BD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		